

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Tesourería e Xestión de Tributos

R. P. 2020/13.868 pola que se modifica a resolución N° 2020/10.346 de medidas extraordinarias en relación con procedementos tramitados pola Área Tributaria da Deputación Provincial da Coruña

D. Valentín González Formoso, presidente desta Corporación, por Resolución n.º 2020/13.868, do 23 de abril de 2020, ditou o seguinte acto:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN N° 2020/10.346 DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN RELACIÓN COS PROCEDEMENTOS TRAMITADOS POLA ÁREA TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

ANTECEDENTES

Tralo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo e trala aprobación do Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, o Presidente da Deputación ditou a Resolución 2020/10.346, de 23 de marzo,

Con data 21 de abril, apróbase o Real Decreto-lei 15/2020, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, en cuxa Disposición Adicional Primeira, exténdense os prazos previstos no artigo 33 do Real Decreto- Lei 8/2020 de 17 de marzo.

Por outra banda, neste intre, acordáronse as datas da primeira voluntaria para o cobro do IVTM e algunhas taxas. ampliándose en case dous meses o período voluntario de pagamento, a fin de facilitar ao contribuínte o cumprimento das súas obrigas tributarias nestes comentos complicados.

É pois preciso adaptar a Resolución 2020/10.346, de 23 de marzo, ás novas circunstancias. En consecuencia,

RESOLVO:

1º) O apartado 1º da Resolución 2020/10.346 quedará redactado do seguinte xeito: “A primeira voluntaria (IVTM e Taxas diversas) comezará o 4 de maio e rematará o 1 de setembro.”

2º) Onde di “30 de abril de 2020” ou “20 de maio de 2020” nos puntos 1º, 2º, 3º, 4º, 6º, 8º, 10º y 11º da antedita Resolución de Presidencia, debe dicir “30 de maio de 2020”.

3º) O apartado 7º da Resolución de Presidencia, quedará redactado do seguinte xeito: “Non se cargarán en conta as ordes de domiciliacións dos prazos e fraccións dos aprazamentos e fraccionamientos xa concedidos, ata o 8 de xuño de 2020.”

En consecuencia, o texto da Resolución modificada queda redactado do seguinte xeito:

“Tralo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo e trala aprobación do Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19,

RESOLVO:

A prioridade absoluta en materia económica é protexer o tecido produtivo e social da provincia e minimizar o seu impacto nas empresas e nos particulares, tratando de que os efectos negativos desta crise sexan transitorios.

A estes efectos, apróbanse as medidas seguintes en materia de tributos e demais ingresos públicos xestionados pola Deputación:

1º) A primeira voluntaria (IVTM e Taxas diversas) comezará o 4 de maio e rematará o 1 de setembro.

2º) Ata o 30 de maio de 2020:

- Non se ditarán providencias de prema.
- Non se practicarán embargos.
- Non se autorizarán nin celebrarán subastas.

- Non se executarán garantías.

- Suspéndese a tramitación de expedientes de aprazamento e fraccionamento. Abriranse expedientes das solicitudes que entren, suspenderanse os valores e prepararanse os requirimentos de documentación Non se realizarán as propostas ata despois do 30 de maio.

- Non se practicarán notificacións ata despois do 30 de maio.

3º) Para os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto-Lei 8/2020, é dicir, iniciados con anterioridade ao 18 de marzo de 2020, suspenderase o cómputo do prazo de duración dos mesmos dende o 18 de marzo de 2020 ata o 30 de maio de 2020.

4º) O período comprendido entre o 18 de marzo e o 30 de maio de 2020 non computará a efectos dos prazos de caducidade e dos prazos de prescrición do artigo 66 da Lei Xeral Tributaria.

5º) Os prazos para a presentación das declaracións e autoliquidacións tributarias non se ven afectados por esta suspensión de prazos.

6º) Para as liquidacións, autoliquidacións, providencias de prema e demais actos da Área que dean lugar a un pago e que xa estiveran notificados e non houberan concluído os prazos de pago previstos nos apartados 2 e 5 do artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto-Lei 8/2020 (18 de marzo de 2020), ampliáranse ata o 30 de maio. A tal efecto, se as cartas de pago estiveran caducadas, se lles facilitarán outras novas.

7º) Non se cargarán en conta as ordes de domiciliacións dos prazos e fraccións dos aprazamentos e fraccionamientos xa concedidos, ata o 8 de xuño de 2020.

8º) Os prazos para atender os requirimentos, dilixencias de embargo e solicitudes de información con transcendencia tributaria, para formular alegacións ante actos de apertura do dito trámite ou de audiencia, ditados en procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores ou de declaración de nulidad, devolución de ingresos indebidos, rectificación de erros materiais e de revogación, que houberan sido comunicados e non estiveran concluídos con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto-Lei 8/2020 (18 de marzo de 2020) prolónganse ata o 30 de maio.

Para aqueles casos en que estes prazos houberan sido comunicados con posterioridade á entrada en vigor do Real Decreto-Lei 8/2020 (18 de marzo de 2020), ampliáranse ata o 30 de maio.

9º) Se o obrigado tributario, no entanto a posibilidade de acollerse á ampliación dos prazos dos apartados anteriores ou sen facer reserva expresa a ese dereito, atendese ao requirimento ou solicitude de información con transcendencia tributaria ou presentase as súas alegacións, considerarase cumprido o trámite.

10º) Aos sos efectos do cómputo dos prazos previstos no artigo 66 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos recursos de reposición, entenderanse notificadas as resolucións que lles pongan fin cando se acredite un intento de notificación da resolución, entre a entrada en vigor do Real Decreto-Lei 8/2020 (18 de marzo de 2020) e o 30 de maio de 2020.

O prazo para interpoñer recursos fronte a actos tributarios, non se iniciará ata concluído o dito período, o ata que se teña producida a notificación nos termos da Sección Terceira do Capítulo II do Título III da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, se esta última se producira con posterioridade a aquel momento.

11º) O período comprendido dende o 18 de marzo de 2020 ata o 30 de maio de 2020 non computará a efectos da duración máxima dos procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores e de revisión tramitados pola Deputación, aínda que durante este período poderá ésta impulsar, ordear e realizar os trámites imprescindibles.

12ª) A atención ao contribuínte realizarase a través de correo electrónico na dirección atencion.tributaria@dacoruna.gal e, subsidiariamente, a través do teléfono gratuito 900 132 204. Lémbrese que os contribuíntes poderán facer xestións e consultas a través da Oficina Virtual Tributaria da Deputación.

A Coruña, 24 de abril 2020

O presidente/PDPR 29-07-2019/ O Deputado

Antonio Leira Piñeiro

O secretario

José Luis Almar Supervía

2020/2500